

Modelo de aval

A entidade (*razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca*), NIF, con domicilio (*ós efectos de notificacións e requerimentos*) na rúa/praza/avenida, código postal, localidade, e no seu nome (*nome e apelidos dos apoderados*), con poderes suficientes para obliigarlle neste acto, segundo resulta do bastanteo de poderes que se reseña na parte inferior deste documento, AVALA a: (*nome e apelidos ou razón social do avalado*), NIF, en virtude do disposto polo artigo 20.2 da lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, por analogía, e polo artigo 40 do Regulamento de xestión urbanística, para responder das obrigas seguintes: (*detalla-lo obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantizado*), ante o Concello de Fene, por importe de: (*en letra e en cifra*).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos no artigo 56.2 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. Este aval outórgase solidariamente respecto ó obrigado principal, con renuncia expresa ó beneficio de excusión e co compromiso de pago ó primeiro requerimento do Concello de Fene.

O presente aval estará en vigor ata que o Concello de Fene ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para elo autorice expresamente a súa cancelación ou devolución.

(Lugar e data)
(razón social da entidade)
(sinatura dos apoderados)

BASTANTEO DE PODERES POLA ASESORA XURÍDICA DA C.X.D. OU ABOGACÍA DO ESTADO		
Provincia	Data	Número ou código